

TRADICIONAIS	ACTUAIS
1. Proximidade, calidade e abundancia e custo das materias primas e fontes de enerxía.	1. Diminúe a importancia dos recursos naturais polo abaratamento do custo do transporte das materias primas e a creación dalgúns substitutos sintéticos e a facilidade para o transporte da enerxía en forma de electricidade.
2. Existencia de bos sistemas de transporte para os produtos.	2. A mellora do transporte e comunicacións resta importancia á distancia e reforza a accesibilidade.
3. Existencia de man de obra abundante e barata.	3. A man de obra segue sendo importante, tanto para as empresas, que precisan que sexa abundante e barata, como para as que requiren man de obra cualificada.
4. Proximidade ao mercado de consumo.	4. Diminúe a dependencia do mercado local pola ampliación das áreas de venda.
5. Tipo de localización dominante: grandes aglomeracións urbano-industriais, onde as empresas beneficianse da existencia de economías externas favorables.	5. Tipo de localización: tendencia á difusión de parte da industria cara a espazos periféricos ata entón pouco atractivos, á vez que se reforza a concentración das actividades máis innovadoras nas áreas urbano-industriais máis desenroladas.
	6. O factor principal é o acceso á innovación e á información e, por tanto, a proximidade aos factores relacionados con elas: centros de investigación, infraestruturas de comunicacións, servizos empresariais, medio ambiente de calidade, etc.